



MEMORIA DE CALIDADE


Facultade de Óptica e Optometría

Curso Académico: 17/18

 USC <small>UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA</small> FACULDADE DE ÓPTICA E OPTOMETRÍA	MEMORIA DE CALIDADE	Data: 14/05/2019
FORMATO		Páxina 2 de 29

Índice

1. Introducción.....	3
2. Seguimento do Sistema de Garantía Interna de Calidade	8
3. Plan de Melloras do Centro	23
4. Anexo: Informes de seguimento.....	30

 USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA FACULDADE DE ÓPTICA E OPTOMETRÍA	MEMORIA DE CALIDADE	Data: 14/05/2019
FORMATO		Páxina 3 de 29

1. Introducción

A Facultade de Óptica e Optometría considera a importancia que ten a calidade no contexto universitario, para garantir os programas formativos que dean resposta ás demandas da sociedade. Tomando como referencia a política de calidade da USC, a Facultade elabora a súa política tendo como principal obxectivo o desenvolvemento de programas formativos avalados por unha xestión de calidade como elemento clave e estratéxico para establecer un compromiso de máxima eficacia cos nosos grupos de interese.

A USC aprobou primeiro SGIC marco en decembro de 2009, e a Comisión delegada do Consello de Goberno de Calidade e Planificación, na sesión que celebrou o 31 de maio de 2013, aprobou unha simplificación documental e o 3 de outubro de 2014 unha modificación dos indicadores e informes dispoñibles dentro do SGIC. A Facultade de Óptica e Optometría, mantendo o seu compromiso coa calidade adaptou o seu SGIC conforme ás modificacións do SGIC marco e elaborou o manual simplificado, que foi aprobado polo Consello de Goberno na súa sesión do 4 de febreiro do 2015.

O “Manual Simplificado do Sistema de Garantía Interno de Calidade da Facultade de Óptica e Optometría”, así como o “Manual do Sistema de Garantía Interno de Calidade” e o “Manual de Procesos e Procedementos” están dispoñibles na páxina web da Facultade, no seu epígrafe dedicado á Calidade <http://www.usc.es/gl/centros/opto/sgic.html>

A documentación relativa ao SGIC en vigor durante o curso 2017/18 recóllese na Secretaría do Centro e nas vicerreitorías competentes relacionadas con cada proceso/procedemento; tamén dispoñible na web da Facultade na ligazón de Calidade <http://www.usc.es/gl/centros/opto/calidade.html>

Dende o 24/07/2013, data na que se puxo en marcha a “Aplicación de Apoio aos Sistemas de Xestión”, por parte da Área de Calidade da USC, tanto a Responsable de Calidade como a Responsable da Unidade de xestión do centro e departamentos da Facultade de Óptica e Optometría, utilizan dita aplicación informática incluíndo nela todas as accións de calidade desenvolvidas en cada curso.

Na Memoria de Calidade da Facultade de Óptica e Optometría correspondente ao curso académico 2017/18 recóllese toda a información relativa ao Sistema de Garantía Interna de Calidade, ao seguimento do título que se imparte e ao plan de melloras proposto para o centro para o curso 2018/19.


O ámbito de aplicación do SGIC durante o curso 2017-2018 ten en conta a titulación impartida no centro e a todos os grupos de interese da Facultade: 303 alumnos/as (IN02-PC-05), 53 membros do cadro do PDI e 12 membros do PAS.

Os títulos vinculados á Facultade durante o curso 2017-2018 son:

- Grao en Óptica e Optometría (*titulación profesional regulada por Lei*).

Impártese ademais por 7ª vez o Curso Ponte para a obtención do Grao en Óptica e Optometría para os/as Diplomados/as en Óptica e Optometría. Neste curso, obsérvase incluso unha diminución do alumnado, onde o total de matriculados/as foi de 26, con só 3 alumnos/as de novo ingreso. Por esta clara diminución da demanda, decidiuse retirar o curso ponte (Xunta de Facultade 30 xaneiro 2018), polo que se deixará de ofertar no curso 2018-19.

Considérase documentación de referencia para o desenvolvemento do SGIC, ademais do Manual do SGIC, o Manual de Procesos e Procedementos e a normativa xeral estatal, autonómica e da Universidade de Santiago de Compostela (USC), que se relaciona a continuación:

 USC FACULTADE DE ÓPTICA E OPTOMETRÍA	MEMORIA DE CALIDADE	Data: 14/05/2019
FORMATO		Páxina 4 de 29

- Memoria do Grao en Óptica e Optometría da USC <http://www.usc.es/gl/centros/opto/calidade.html>
- Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Óptica e Optometría <http://www.usc.es/gl/centros/opto/regulamento.html>

Os órganos de goberno, comisións e cargos que interveñen directamente no desenvolvemento do SGIC son a Xunta de Facultade, a Comisión de Calidade, a Comisión de Título, o Equipo Decanal, o responsable de calidade do centro e a coordinadora de título. As funcións de cada un dos órganos/cargos relacionados co desenvolvemento do SGIC poden consultarse no punto 3 do Manual Simplificado do Sistema de Garantía Interno de Calidade da Facultade de Óptica e Optometría: Estrutura para o desenvolvemento do SGIC Capítulo 3 do manual simplificado do SGIC do Centro <http://www.usc.es/gl/centros/opto/sgic.html>

Detállanse a continuación a composición e funcións da Comisión de Calidade:

MEMBROS DA CCC

Decano/a ou Director/a do Centro (presidente/a)

Responsable de Calidade do Centro (RCC)

Coordinador/a de Titulación/s

1 membro do PAS (Responsable da Unidade de Centro ou persoa que designe o/a decano/a ou Director/a do Centro)

1 alumno/a (preferiblemente alumno/a - titor/a)

Outros membros que o/a decano/a ou director/a do Centro considere oportuno propoñer á Xunta de Centro para o bo funcionamento do SGIC.

Son funcións da Comisión de Calidade:

- Realizar o deseño, implantación, seguimento e mellora do SGIC da Facultade.
- Elaborar a Memoria de Calidade da Facultade, que englobará os distintos informes e memorias (informe de resultados do sistema, que inclúe a proposta do plan de melloras da Facultade para o curso seguinte; informe do seguimento da implantación do SGIC e as súas propostas de mellora e memoria de seguimento dos títulos que inclúen as propostas de mellora, elaboradas polas correspondentes comisións de título).

No curso 2017/2018 a comisión de calidade reuniuse unha única vez con data 17-novembro-2017. A orde do día foi a seguinte:


1. Inicio do proceso de seguimento do título de Grao en Óptica e Optometría.
2. Dispoñibilidade do material docente da Facultade adquirido coas axudas de calidade.

Hai que salientar que ao longo do ano 2018 produciuse o cambio de equipo de Goberno de USC e do equipo decanal da Facultade, polo que o calendario das reunións dos órganos colexiados do centro víronse afectados. De feito, a memoria de calidade do curso 16-17 tivo que rematarse no ano 2019.

A Xunta de Facultade debe aprobar o informe de resultados, o informe de seguimento e propostas de mellora do Sistema de Garantía Interna de Calidade, así coma a memoria do título de grao e a proposta de

accións de mellora. No curso 2017/2018, as datas de celebración de reunións da Xunta de Facultade, o tipo de sesión e a orde do día de cada unha de elas recóllense na seguinte táboa

Reunións da Xunta de Facultade do curso 2017/2018	
Data e tipo de sesión	Orde do día
18/10/2017 Extraordinaria	1.- Adaptación da Comisión de Título da Facultade ao novo Regulamento de Grao e Mestrado da USC.
30/01/2018 Extraordinaria	1.- Aprobación, se procede, da acta da Xunta de Facultade Extraordinaria do 18/10/2017. 2.- Oferta do número de prazas para o Grao, Máster e dobre titulación. 3.- Aprobación, se procede, da proposta de PDA do Grao e Máster para o curso 2018/2019.
15/03/2018 Ordinaria	1.- Lectura e aprobación, se procede, das actas de sesións anteriores. 2.- Aprobación, se procede, dos horarios e calendario de exames do Grao e do dobre Grao para o curso 2018/19. 3.- Despedida e benvinda ós novos representantes de alumnos na Xunta de Facultade. 4.- Aprobación, se procede, dos horarios e calendario de exames do Máster para o curso 2018/19. 5.- Aprobación, se procede, do calendario de prácticas tuteladas para o curso 2018/19. 6.- Aprobación, se procede, do calendario de TFG para o curso 2018-19. 7.- Aprobación, se procede, do informe de seguimento do título do curso 2016-17. 8.- Rogos e preguntas.
04/04/2018 Extraordinaria	1.- Resolución á solicitude do profesor Justo Arines Piferrer para desbloquear o TFG que titoriza á alumna Tania Vázquez Pose.
10/04/2018 Extraordinaria	1.- Convocatoria de Eleccións a Decano/a da Facultade de Óptica e Optometría. Presentación do calendario electoral.
02/05/2018 Extraordinaria	1.- Exposición e programa electoral da candidatura á decano/a da Facultade de Óptica e Optometría, segundo o calendario electoral. Votación.
24/05/2018 Extraordinaria	1. Aprobación, se procede, da programación académica 2018/2019 do: - Grao en Óptica e Optometría - Máster en Optometría 2. Aprobación, se procede, da composición da Comisión Académica do Máster en Optometría.
25/06/2018 Extraordinaria	1.- Renovación dos responsables, coordinadores e membros das Comisións delegadas da Xunta de Facultade.

 USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA FACULDADE DE ÓPTICA E OPTOMETRÍA	MEMORIA DE CALIDADE FORMATO	Data: 14/05/2019 Páxina 6 de 29
---	--------------------------------	------------------------------------

2. Seguimento do Sistema de Garantía Interna de Calidade

2.1 Vixencia da Política de Calidade.

Afondando no seu compromiso coa Calidade, a Facultade de Óptica e Optometría elaborou, durante o curso 2014/2015 o seu Plan Estratéxico e a Programación Plurianual (Aprobados ambos pola Comisión delegada do Consello de Goberno na súa sesión do 12/07/2015) necesaria para poder acadar os obxectivos de calidade establecidos para o período 2014-2018. A posta en marcha de todos os procesos e procedementos establecidos no SGIC permitiu superar no curso 2015/2016 a renovación da acreditación da titulación de Grao en Óptica e Optometría.

2.2 Evolución e grao de cumprimento do Plan Estratéxico da Facultade

O Plan estratéxico da Facultade de Óptica e Optometría divídese nos seguintes eixos estratéxicos

Eixe 1: Docencia-Investigación –Asistencia

Eixe 2: Xestión

Eixe 3: Infraestruturas

Eixe 4: Relacións coa Sociedade

A continuación detállase a evolución e grao de cumprimento dos obxectivos e liñas de actuación contempladas en cada un destes eixos

Eixe 1: Docencia-Investigación-Asistencia

Neste eixe definíronse os obxectivos estratéxicos relacionados coa docencia, a investigación e a vertente asistencial do Facultade.

Tal como ven indicado no plan estratéxico, unha debilidade importante da Facultade de Óptica e Optometría era a imposibilidade de conseguir o máster para o estudantado no centro. Esta anomalía comezouse a suplir no ano 2017, onde se constituíu a comisión de redacción de máster en Optometría. Esta comisión acadou a elaboración do anteproxecto do máster, aprobado na xunta de facultade do 28/04/2017. Neste curso a comisión redactora volveuse a convocar en catro ocasións para a aprobación da oferta de prazas e criterios de admisión, realizar e aprobar as alegacións ao informe provisional de avaliación da solicitude de verificación de título do máster e concretar as competencias e os horarios do máster.

Con data 28/03/2018 a ACSUG emite un informe favorable do plan de estudos do Máster en Optometría. Do mesmo xeito, a “Comisión de Verificación y Acreditación de Planes de Estudios del Consejo de Universidades” verifican o 23/04/2018 o plan de estudos do Máster en Optometría, na rama de coñecemento de Ciencias da Saúde. Finalmente, o Consello de Ministros reunido o 3 de agosto de 2018, acorda establecer o carácter oficial do título do Máster en Optometría, así coma a súa inscrición no Rexistro de Universidades, Centros e Títulos (BOE 07/09/2018).

A comisión redactora do máster volveuse reunir para realizar unha proposta da composición da Comisión Académica do Máster en Optometría, que se aproba na xunta de facultade con data 24/05/2018.

Neste curso académico comeza a impartirse o dobre grao en Farmacia e Óptica e Optometría, cunha oferta de 10 prazas, 5 correspondentes á Facultade de Óptica e Optometría e 5 correspondentes ao Grao en Farmacia.

Na páxina web da facultade indícase o programa de cada materia onde se mostran os obxectivos da mesma, os contidos xerais, a bibliografía recomendada, así como as competencias que o alumnado debe adquirir. Tamén se inclúe información xeral da metodoloxía da ensinanza xunto co sistema

 USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA FACULDADE DE ÓPTICA E OPTOMETRÍA	MEMORIA DE CALIDADE FORMATO	Data: 14/05/2019 Páxina 7 de 29
---	---	--

de avaliación. Toda esa información está dispoñible no seguinte vínculo:

<http://www.usc.es/gl/centros/opto/titulacions.html?plan=13915&estudio=13916&codEstudio=13525&valor=9>

Non obstante é necesaria a implantación dun modelo de guía docente tal como se recollía na acción de mellora AM-2 proposta para o curso 2017/2018. Esta mellora realizouse parcialmente, xa que só se acadaron as guías docentes de primeiro curso. Dita acción non se puido rematar debido a que coincidiu cun período de cambio de equipo reitoral e de equipo de goberno da Facultade, polo que deberá continuar no vindeiro curso para completar a implantación de todas as guías das materias do Grao.

Con respecto ao punto 1.3, Programas de mobilidade, do plan estratéxico, aínda queda pendente ampliar a oferta de novos destinos de ERASMUS. No curso 2016-17 houbo 2 alumnos que saíron a outras universidades a través do programa SICUE. Neste curso non se recibiu alumnado doutras universidades. Estes datos non son comparables a outros títulos da USC, polo que cómpre mellorar a mobilidade entrante e saínte, tal como se recolle na acción de mellora AM-3.

Dentro do plan estratéxico, cabe citar o punto 1.6, asistencia de atención primaria da visión, como un punto importante da titulación. Esta compoñente asistencial faise a través do Servizo de Optometría. Este Servizo, situado na propia Facultade, actúa como Clínica Universitaria para ofrecer unha prestación de servizos asistenciais en atención primaria visual. Na última Avaliación para a Renovación da Acreditación, a ACSUG situou o Servizo de Optometría como o eixo da formación que se ofrece ao alumnado, co fin de que estes adquiran as competencias clínicas relacionadas co seu futuro profesional. Segundo os Informes do Servizo de Optometría, o número de pacientes atendidos aumentou dende 608 (curso académico 2013/2014) ata 812 (curso académico 2017/2018). Esta afluencia de pacientes facilita que as prácticas se poidan realizar de forma axeitada; de feito é esencial para adaptarse aos criterios do Diploma Europeo. Neste sentido, establecéronse convenios para a realización de prácticas dentro de proxectos de Aprendizaxe Servizo (ApS) para a atención de pacientes en risco de exclusión social. Non obstante, aínda queda pendente establecer convenios de colaboración con diferentes entidades así coma establecer un convenio de colaboración co SERGAS para atención primaria en visión.

Enlazando co punto anterior, cabe mencionar o punto 1.4 do plan estratéxico, coma un punto clave centrado na implantación dos mecanismos necesarios para a obtención do Diploma Europeo en Optometría.


O Diploma Europeo en Optometría, establecido polo European Council of Optometry and Optics (ECOO) proporciona unha cualificación axeitada para a práctica clínica optométrica. Co fin de acreditarse ao Diploma Europeo é necesario rexistrar a experiencia clínica nun “portafolio” deseñado polo ECOO, no que se evidencia o número e tipo de pacientes vistos. Deste xeito cada alumno/a pode acreditar a súa experiencia clínica supervisada, así como evidenciar a realidade sobre as características de dita práctica en canto ao tipo de paciente, problema visual, etc. Na titulación véñse incorporando o uso do portafolio nas materias que se imparten no Servizo de Optometría, onde o profesorado da materia promove que o alumnado faga ese seguimento. Neste sentido é necesario establecer unha acción de mellora para completar a implementación do portafolio de práctica clínica

Eixe 2: Xestión

Neste eixe definíronse 4 obxectivos estratéxicos. O primeiro deles centrado no Sistema de xestión de calidade, o segundo en realizar unha administración eficaz e eficiente, o terceiro relacionado coa mellora das liñas de información e o último coa organización académica do centro.

En relación ao Sistema de xestión de calidade, o primeiro obxectivo secundario, que é a definición dos obxectivos e da política de calidade do centro xa se acadou no curso 14/15, coa elaboración do plan estratéxico e da programación plurianual. O segundo obxectivo procédese a executalo cada ano e comprende a elaboración dos informes de seguimento dos títulos que se imparten no centro e do proceso de implantación do SGIC.

En relación ao obxectivo 2, administración eficaz e eficiente, indicar que no centro elabórase todos os

 USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA FACULDADE DE ÓPTICA E OPTOMETRÍA	MEMORIA DE CALIDADE	Data: 14/05/2019
FORMATO		Páxina 8 de 29

anos un estudo e priorización por áreas de gasto docente dos escasos recursos orzamentarios, cos que conta a titulación.

O obxectivo 3 dedicado á mellora das liñas de información tamén se desenvolve anualmente, elaborando os dípticos e guías do título, e coa mellora continua da páxina web.

No punto 4 relacionado coa organización académica, sinalar que a mellora da coordinación vertical e horizontal do centro estase a realizar a través de reunións periódicas dos coordinadores de cada curso académico (unha reunión o último venres de cada mes), e da posta en marcha do sistema de guías docentes das materias

Eixe 3: Infraestruturas

Neste eixe definíronse 4 obxectivos fundamentais. O primeiro dirixido a coñecer o estado das infraestruturas do centro. O segundo e o terceiro dirixidos a mellorar as infraestruturas das aulas, gabinetes e laboratorios do centro e o cuarto á mellora e ampliación das instalacións específicas asistenciais do centro.

Para poder alcanzar estes obxectivos, é fundamental unha análise do estado xeral das infraestruturas do centro, tanto das destinadas á docencia coma á investigación e as de uso xeral. A análise sobre as infraestruturas docentes realízase a través das enquisas de satisfacción do profesorado coa docencia impartida, INF.14 do SGIC.

A renovación de todo o material obsoleto dos laboratorios de prácticas da titulación é un dos obxectivos prioritarios do noso plan estratéxico, pero, a dotación presupostaria do centro é totalmente insuficiente para poder acadar esta meta a curto prazo.

Por outra banda, a renovación dos medios de proxección das aulas, a mellora das instalacións eléctricas do centro para dotar ás aulas de conexións para dispositivos portátiles, mellora da cobertura WIFI e a dotación dun sistema de videoconferencia para a Aula Magna, continúan a ser accións de mellora pendentes, debido fundamentalmente aos problemas presupostarios dos últimos anos, que continúan, e non permiten rematar esta acción estratéxica.

Eixe 4: Relacións coa Sociedade

Neste eixe definíronse os seguintes 4 obxectivos: Incrementar as relacións coas empresa, establecer mecanismos de interacción co alumnado, establecer mecanismos de interacción cos egresados e por último, difundir a cultura profesional.

Para acadar estes obxectivos, a Facultade colaborou, cedendo ás súas instalacións, na realización das seguintes actividades de difusión da Ciencia e da Investigación:

1. Cesión de espazos para reunións de diferentes grupos de investigación de proxectos e lectura de teses doutros centros da USC.
2. Actividades relacionadas coas titulacións impartidas no centro:
 - a. Conferencia de ESSILOR (Prof. J. Ignacio Rodríguez Martínez) – Aula Magna - 08/02/2018
 - b. Lectura Tese Doutoramento Covadonga Vázquez Sánchez, membro da Área de Optometría – Aula Magna – 22/03/2018
 - c. Conferencia da empresa ALCON “Lágrimas artificiales” Eva Yebra-Pimentel Vilar– Aula Magna – 02/05/2018.

 FACULTADE DE ÓPTICA E OPTOMETRÍA	MEMORIA DE CALIDADE	Data: 14/05/2019
FORMATO		Páxina 9 de 29

2.3 Evolución e grao de cumprimento dos obxectivos de calidade do centro, recollidos na Programación Plurianual de Calidade do Centro.

A programación plurianual de calidade da Facultade de Óptica e Optometría foi aprobada pola Comisión Delegada do Consello de Goberno na súa sesión do 12/07/2015. Dita programación vértébrase nos mesmos 4 eixos que o plan estratéxico e a súa evolución e grao de cumprimento dos obxectivos de calidade é paralelo á evolución e grao de cumprimento de Plan estratéxico. Na seguinte páxina amósanse os obxectivos e accións da programación plurianual e o grao de cumprimento dos obxectivos. Márcanse en azul os obxectivos acadados na súa totalidade e as accións levadas a cabo para tal fin, e en rosa as actividades realizadas dentro dos obxectivos acadados parcialmente.

EVOLUCIÓN DA PROGRAMACIÓN PLURIANUAL 2014/2018
 (Aprobada pola Comisión Delegada do Consello de Goberno o 12/07/2015)

EIXE 1: DOCENCIA-INVESTIGACIÓN-ASISTENCIA


OBXECTIVO	ACCIÓN	DATA.	INDICADORES	GRAO DE CUMPRIMENTO
Revisión da oferta docente	Modificación título. Establecer calendario de traballo Reunións por curso e módulo Mellora comunicación entre cursos Distribución carga traballo materias	Curso 16-17 2014-2018	IOA-2-5 IN01-PC05 IN02-PC-05 IN03-PC05 IN04-PC05 IN05-PC05	Totalmente acadado
Calidade da docencia	Enquisas aos egresados Enquisas da situación profesional Enquisas a alumnado e profesorado (carga real de traballo na titulación)	Curso 14-15 Anualmente	INF-12 IN44-S01-PM-01	Parcialmente Acadado
Acreditar a titulación	Mellorar difusión da titulación Revisar cumprimento da memoria titulación Explorar posibilidade dunha dobre titulación (Farmacia - Óptica/Optometría)	Curso 15-16 Anualmente	Informe final da ACSUG 2016	Totalmente acadado

<p>Mobilidade estudantes</p>	<p>Establecer convenios con outras universidades</p> <p>Difusión programas Erasmus – SICUE no centro</p> <p>Establecer convenios con universidades fóra ámbito europeo</p>	<p>Dende 2015-ao 2018</p>	<p>Nº estudantes solicitantes: 5</p> <p>Nº estudantes saíntes: 2</p>	<p>Parcialmente acadado</p>
<p>Diploma europeo</p>	<p>Xestionar co <i>European Council of Optometry and Optics</i> ECCO a solicitude do diploma europeo</p> <p>Desenvolver o portfolio de traballo para diploma europeo</p>	<p>Dende 2015-ao 2018</p>		<p>Parcialmente acadado</p>
<p>Investigación</p>	<p>Organizar a investigación no centro</p> <p>Xornadas difusión investigación entre o alumnado</p>	<p>Anualmente</p>	<p>Nº proxectos:</p>	<p>Pendente</p>
<p>Asistencia primaria</p>	<p>Difusión información e folletos para dar a coñecer os servizos da Facultade</p> <p>Celebración xornadas temáticas</p> <p>Participación activa día mundial da visión</p> <p>Convenios con diferentes institucións relacionadas coa Optometría</p>	<p>Anualmente</p>	<p>Nº xornadas:1</p> <p>Nº convenios: Convenio co CNOO de Galicia e con Ópticas de fora da Comunidade galega</p>	<p>Parcialmente acadado</p>

EIXE 2. XESTIÓN

Xestión de Calidade do centro	IMPLANTACIÓN SGIC CENTRO (informe de seguimento) Definir obxectivos calidade centro Elaborar memoria anual de calidade Elaborar PE centro Elaborar a programación plurianual centro Material con logo facultade e difusión	Anualmente	Anualmente	Totalmente Acadado
Administración	Estudo e priorización por áreas de gasto docente eficiente Redeseñar procesos Planificar novos procesos Organizar documentación importante xerada polos novos procesos do centro	2014-2018	Nº procesos creados:3	Totalmente Acadado
Renovación web centro	Internacionalización da páxina web	Anualmente	Anualmente	Pendente
Actualizar cumprimento normativa riscos laborais centro	De acordo coa Lei 31/1995 de prevención de riscos laborais e dentro do plan de prevención de riscos laborais da USC https://www.usc.es/export/sites/default/gl/servizos/sprl/descargas/PPRL_xEdicixn_5x.pdf Revisión plan Autoprotección do Centro 2018			Totalmente Acadado

EIXE 3: INFRAESTRUTURAS				
Mellora infraestruturas centro	Revisión material aulas Revisión material docente de gabinetes – laboratorios Adecuación aula docente informática necesidades centro	Anualmente	Enquisas propias aos usuarios IN46-S01_PM01	Parcialmente Acadado
Renovación equipos prácticas	Coñecer estado infraestruturas docentes centro Renovación equipos laboratorios	Anualmente	Informe dos servizos da Facultade	Parcialmente Acadado (Non se puido facer a renovación total por falta de presuposto)
Mellora en sistemas comunicación	Mellorar cobertura wifi e de “terminais de corrente” centro		Núm. de novos terminais de corrente	Parcialmente Acadado: Mellorouse a cobertura da WIFI pero non o número de “terminais de corrente”

 USC <small>UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA</small> FACULTADE DE ÓPTICA E OPTOMETRÍA	MEMORIA DE CALIDADE	Data: 14/05/2019
	FORMATO	Páxina 14 de 29

EIXE 4: RELACIÓNS COA SOCIEDADE

Convenios	Incrementar nº convenios con empresas Incrementar nº convenios con institucións e fundacións	Anualmente	Mantemento de convenios no curso 2017/2018: Co Colexio de Ópticos de Galicia e con centros Ópticos de fóra de Galicia Con Institucións: Consellería de Política Social e SERGAS.	Totalmente acadado
Xornadas de difusión	Promover cursos específicos para empresas Promover xornada de portas abertas Promover xornadas formación continua	Anualmente	Nº cursos Nº xornadas:	Totalmente acadado

 USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA FACULDADE DE ÓPTICA E OPTOMETRÍA	MEMORIA DE CALIDADE	Data: 14/05/2019
	FORMATO	Páxina 15 de 29

2.4 Estado do plan de mellora a realizar durante o curso 2017/18.

O plan de melloras proposto para o curso 2017/2018 comprende catro accións de mellora:

- AM01- Deseño dunha enquisa ou procedemento para fomentar a participación dos titores de prácticas externas nas enquisas de satisfacción.
- AM02- Implantación dun modelo de Guía docente para todas as materias do Grao.
- AM03- Establecemento de Convenios de mobilidade para o Grao en Óptica e Optometría con Universidades Españolas e explotación de posibles convenios con Universidades Iberoamericanas
- AM04- Revisión do SGIC do centro, simplificación e adaptación ás particularidades da Facultade.

Neste curso, o grao de participación dos titores externos de prácticas tuteladas nas enquisas de satisfacción é dun 20,97%, que aínda que é superior ao do curso pasado (12,68%) segue sendo baixo como para poder extraer conclusións. Neste sentido foi necesario establecer unha acción de mellora para fomentar a participación deste colectivo nas enquisas de satisfacción, deseñando dende a Comisión de prácticas externas un procedemento que inclúa a participación nas enquisas con carácter obrigatorio para todos os titores externos.

Neste senso, a Comisión de prácticas Tuteladas comezou a traballar nun procedemento que permitira a mellora da comunicación entre titores externos e titores académicos. Neste curso non se puido finalizar esta acción de mellora xa que a comisión de Prácticas Tuteladas constituíuse no curso anterior, e neste período tivo que pórse en marcha coa coordinación e avaliación das prácticas tuteladas nas dúas convocatorias e coa atención e resolución das numerosas incidencias. Polo tanto, hai que continuar con esta acción de mellora.


A Comisión de calidade aprobou o modelo de guía docente e a súa implantación para o curso 2016/2017. Non obstante, o retraso na tramitación da memoria de modificación do Grao, acreditada finalmente o 23/04/2017 non permitiu poñer en marcha a implementación das guías do 1º curso de Grao, que foran aprobadas na Xunta de Facultade do 16/06/2016 coa incorporación de suxestións por parte do profesorado e có compromiso de remitir ao profesorado coordinador de cada materia a guía docente cos apartados de competencias, indicacións metodolóxicas e avaliación cuberto de cordo ao plan de estudos do Grao.

A acción AM03, ten como data prevista para a súa finalización o 28/12/2018. O seu obxectivo máis amplo é o de promover convenios de mobilidade con diferentes Universidades para o estudantado. Dentro desta acción contéplase unha tarefa de difusión dos temas de mobilidade dentro das xornadas de formación transversal que se realizan no centro.

Durante o curso 2017/2018 ofertáronse un total de 18 prazas dentro do programa de intercambio SICUE entre Universidades Españolas (Véxase oferta prazas http://www.usc.es/es/perfis/internacional/programas/sicue/estudiantes_outgoing.html). Neste ano non houbo alumnado que se desprazara a outras universidades.

A través dos Informes de Seguimento que se contemplan no SGIC, e ao longo dos cursos de implantación do Grao en Óptica e Optometría fóronse detectando, analizando e revisando algunhas disfuncións existentes neste. Como resultado desta análise, propuxéronse varias accións de mellora (adaptación e simplificación do SGIC ás peculiaridades do título, a mellora da xestión dos espazos e recursos materiais destinados á ensinanza-aprendizaxe das competencias, e o deseño dos procedementos marco que permitan a mellora da avaliación das competencias clínicas) que se foron implantando. Nalgunhas ocasións, isto levou a introducir modificacións que supuxeron a mellora do título.

Os informes de seguimento do SGIC e o informe da ACSUG están publicados na web do centro. Hai que salientar que durante o curso 2017-2018 estaba pendente a adaptación do SGIC do centro ao SGC marco da USC, polo que non se avanzou neste aspecto. De feito, a memoria de calidade correspondente ao curso 2016-2017 non se puido rematar en prazo. Ademais, hai que destacar que durante este curso coincidiu co cambio de equipo de Goberno de USC e do equipo decanal da facultade, o que motivou o retraso destas accións.

 USC <small>UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA</small> FACULDADE DE ÓPTICA E OPTOMETRÍA	MEMORIA DE CALIDADE	Data: 14/05/2019
FORMATO		Páxina 16 de 29

2.5 Funcionamento e resultados dos distintos procesos considerados no SGIC (Resultados académicos e resultados dos restantes indicadores de eficacia do sistema).


Durante o curso 2017/2018, na Facultade de Óptica e Optometría impártese o Grao en Óptica e Optometría e primeiro curso do Dobre Grao en Farmacia e Óptica e Optometría. Atendendo ao rendemento do alumnado do grao por materias, pódese apreciar que no curso 2017/2018, o perfil global das cualificacións mantívose con respecto ao curso anterior. Nas materias obrigatorias directamente relacionadas coa profesión de Óptico-Optometrista alcanza en case todas elas un 100%. Esta alta porcentaxe débese á avaliación continua, o desenvolvemento da metodoloxía docente baseada en casos prácticos e clínicos así coma na presentación e defensa de traballos persoais e en grupo. Por outra banda, Óptica Xeométrica mostrou a menor taxa de rendemento das materias do grao (37,29%), seguida por Bioquímica (40,43%), Bioloxía (41,46%), Fisioloxía Ocular (42,86%) e Instrumentación Óptica (45,16%). Cabe sinalar que Instrumentación Óptica experimentou un incremento dun 13,6 % con respecto ao curso pasado. Para este curso fixérase unha modificación do modelo de avaliación de Instrumentación Óptica con fin de mellorar os resultados, polo que esta medida obtivo resultados. Non obstante a taxa de rendemento aínda é mais baixa do 50%.

Cando atendemos a estes resultados considerando ao alumnado que se presentou aos exames, é dicir, a taxa de éxito do título (IN35G-S01-PM-01,) obsérvase un leve incremento entre un 3,7% e un 7,1%, con respecto á taxa de rendemento, nas materias de Bioloxía, Bioquímica, e Fisioloxía Ocular. Este efecto é especialmente importante nas materias de Instrumentación Óptica e Óptica Xeométrica, que obtiveron unha taxa de éxito de 57,73% e 50,57% respectivamente. Isto indica unha clara influencia dos resultados do alumnado que non se presentan ao exame destas materias.

Para analizar o grao de abandono do alumnado da titulación temos os indicadores da taxa de abandono (IN41G-S01-PM-01) e a taxa de abandono no primeiro curso (IN40G-S01-PM-01).

A taxa de abandono é definida como a relación porcentual entre o estudantado dunha cohorte de novo ingreso que deberon obter o título no ano académico anterior e que non se matricularon nin nese curso académico nin no anterior. Este indicador mostra dende o curso 2015-2016 unha tendencia a diminuír, situándose neste curso no segundo valor máis baixo dende a implantación do grao (14,55%), e inferior á taxa media da USC (22,70%). Pola contra, a taxa de abandono no primeiro curso mostra un aumento considerable con respecto aos cursos anteriores, obtendo un valor de 30,51%, sendo superior á media da USC (16,02%). Unha boa parte deses abandonos veñen do Dobre Grao Farmacia-Óptica e Optometría, onde moito alumnado de primeiro curso abandona esta titulación.

Considérase necesario destacar os bos resultados de inserción laboral dos nosos titulados, aínda que é necesario salientar que só se dispón de datos correspondentes á promoción que se graduou no curso 2013-2014. Dos 52 alumnos/as que se titularon nese curso académico, o 73,1% estaba afiliado á seguridade social un ano despois da titulación. O 40,6% tiña un contrato indefinido e o 81,8% estaba contratado a xornada completa. Dous anos despois da titulación, a porcentaxe de afiliación á seguridade social aumentou ata o 80,8% e a porcentaxe de contratos indefinidos ata o 47,4%. É necesario salientar que o resto do alumnado, o 19,2% non ten porque estar en paro, senón que pode estar cursando estudos de posgrao ou especialización fóra da USC, polo que non se dispón de datos ao respecto. A porcentaxe de contratados a tempo completo diminuíu lixeiramente ata un 81,6%, aumentando a porcentaxe de contratados a tempo parcial cunha xornada de traballo maior que a media xornada (pásase dun 12,1% un ano despois de titularse a un 13,2% ao cabo dos dous anos). Segundo os datos dos indicadores da Seguridade Social, dous anos despois de titularse o 97,6% dos nosos egresados cotizan dentro do grupo de cotización de universitarios. A área de calidade definiu este ano un novo indicador de taxa de éxito dos egresados como a relación porcentual entre o número total de créditos que superou un estudante ao longo da titulación na que foi egresado e o número total de créditos aos que se presentou, para o curso 2015-2016, o valor deste indicador para o Grao en Óptica e Optometría foi dun 89,82%. Desglosando estes datos por sexo, é maior o éxito dos egresados homes (92,25%) que o das mulleres (88,65%).

 USC <small>UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA</small> FACULDADE DE ÓPTICA E OPTOMETRÍA	MEMORIA DE CALIDADE	Data: 14/05/2019
	FORMATO	Páxina 17 de 29

Na páxina web da Facultade existe unha bolsa de traballo a disposición pública tanto de alumnado egresado como de empregadores. É necesario mencionar que a través deste mecanismo no curso 2017-18 recibíronse arredor de 100 ofertas de emprego para titulados, tanto de empresas de Galicia como de empresas nacionais e estranxeiras.

2.6 Procesos, procedementos e documentación do SGIC: necesidade de efectuar cambios na xestión do Sistema de Garantía Interna de Calidade.

En relación aos procesos, procedementos e documentación do SGIC da Facultade de Óptica e Optometría, considérase necesario realizar os seguintes cambios:

1. Actualización completa do manual de calidade e do manual de procesos.

Hai que salientar que durante o curso 2017-2018 estíbese pendente da adaptación do SGIC do centro ao SGC marco da USC, polo que non se avanzou neste aspecto. Ademais, durante este curso coincidiu co cambio de equipo de Goberno de USC e do equipo decanal da facultade, o que motivou o retraso destas accións.

2. Adaptación ás particularidades do centro e do Grao en Óptica e Optometría dos seguintes procesos:


- a. P04-PC-04 Programación das materias
- b. PC-09 Xestión de prácticas externas
- c. PC-10 Realización traballo fin de Grao/Máster
- d. PM-02 Medición da satisfacción dos grupos de interese, coa finalidade de incluír a todos eles, en concreto aos empregadores, cuxa participación nas enquisas de satisfacción é moi escasa

2.7 Satisfacción dos grupos de interese, queixas ou reclamacións, necesidades e expectativas.

As enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese son parte fundamental do proceso de seguimento da titulación e do proceso de garantía e mellora da calidade e, polo tanto a participación nestas é de especial relevancia. A porcentaxe de participación nestas enquisas dos diferentes grupos de interese do Grao en Óptica e Optometría é moi desigual. O grupo de interese con maior participación nas enquisas de satisfacción é o do persoal de administración e servizos (PAS) cunha participación do 50%, seguido do profesorado cunha participación dun 44,23%, a continuación o alumnado cunha porcentaxe de 35,25%, os titores de prácticas externas cun 20,97% e o alumnado egresado cunha porcentaxe de 10%.

Apréciase un aumento na participación de todos os grupos con respecto ao curso anterior, sobre todo no profesorado (aumento dun 10,9%), seguido dos titores de prácticas externas (8,29%). O alumnado mostrou un aumento de participación do 7,98%, mentres que o grupo que experimentou un cambio máis discreto foi o do alumnado egresado (aumento dun 1,23%). É chamativo que o único grupo que sufriu un retroceso na taxa de resposta con respecto ao curso pasado (diminución do 20%) siga sendo o grupo de maior taxa de resposta.

Con respecto ao PAS, a valoración do da súa satisfacción co seu traballo é de 3,5 sobre 5, sendo inferior á obtida o curso pasado (4,86), aínda que do mesmo valor ca nos cursos 2014/2015 e 2015/2016. Os ítems onde acadan maior valor (puntuación de 4 sobre 5) son os referidos a se a Responsable da Unidade toma as decisións coa participación de todo o persoal da unidade e se realiza un bo seguimento do traballo, a boa comunicación entre o persoal da unidade e os usuarios, os referidos aos espazos e recursos e, o grao na que a Unidade prioriza a mellora de calidade.

 USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA FACULTADE DE ÓPTICA E OPTOMETRÍA	MEMORIA DE CALIDADE FORMATO	Data: 14/05/2019 Páxina 18 de 29
---	---------------------------------------	-------------------------------------

En relación ao profesorado, a valoración media da súa satisfacción coa docencia impartida foi dun 3,75 sobre 5, lixeiramente máis alta ca no curso anterior (3,54). Na enquisa de satisfacción realizada polo profesorado a puntuación máis baixa corresponde aos ítems relacionados coa coordinación entre as distintas materias e/ou niveis (3,28) e coa participación do alumnado no desenvolvemento das clases (3,52). As puntuacións máximas corresponden ao ítem relacionado coa coordinación entre os/as distintos/as profesores/as que comparten materia (4,36) e a relación co alumnado nas clases e titorías (3,94)

Con respecto ao alumnado, a valoración global da satisfacción coa docencia recibida é dun 3,90 sobre 5, lixeiramente superior á acadada no curso pasado (3,81). As puntuacións máis baixas corresponden aos ítems da enquisa do alumnado relacionados co material de apoio (bibliografía, textos, exercicios, manuais de prácticas,...) (3,79) e coas propostas do profesorado para realizar actividades que favorezan a aprendizaxe autónoma (3,52). Pola contra, as puntuacións máis altas correspóndense cos ítems relacionados coa satisfacción da relación creada co alumnado nas clases e titorías (4,1) e co cumprimento do programa e o plan de traballo previsto (4,24).

Respecto aos egresados, a satisfacción xeral coa titulación é dun 3,32 sobre 5, lixeiramente superior ao curso pasado (3,18). Tendo en conta a enquisa de satisfacción, e considerando os ítems relacionados coa docencia recibida, pódese ver que a puntuación máis baixa está relacionada coa información e apoio nas actividades de acollida (2,67), mentres que o ítem máis valorado é o referente aos programas de mobilidade (4).

En relación aos titores de prácticas externas, destacar que o grao de satisfacción deste grupo cos programas de prácticas externas (IN20-PC-09) foi dun 4 sobre 5 superior ao obtido no curso pasado (3,93). O ítem menos valorado foi o relacionado coa formación inicial de competencias profesionais do alumnado para cumprir coas actividades (3,23), mentres que o ítem máis valorado foi o referido ao grao de cumprimento por parte do alumnado das actividades asignadas (4,54).

3. Plan de Melloras do Centro

LISTAXE DE ACCIÓNS						
ID	ORIXE	DESCRIPCIÓN	ESTADO	RESPONSABLE SEGUIMIENTO	DATA FIN PREVISTO	REMATADA
AM01	Plan de Melloras da Acreditación	Estudo e diagnose dos axustes necesarios na planificación docente da titulación e dos recursos humanos da área de Optometría óptimos para impartila..	Activa	M ^a Jesús Giráldez Fernández	Xullo 2019	
AM02	Plan de Melloras da Acreditación	Elaboración e implantación dun modelo de guía docente xeral para o grao e a súa particularización para cada materia e modificación da memoria vixente do título	Activa	Carlos García Resúa; M ^a Jesús Giráldez Fernández	Xullo 2019	
AM03	Plan de Melloras da Acreditación	Promover o establecemento de convenios de mobilidade con universidades europeas e non europeas.	Activa	M ^a Jesús Giráldez Fernández; Carlos García Resúa	Xullo 2019	
AM04	Plan de Melloras da Acreditación	Revisión do SGIC do centro, simplificación e adaptación ás particularidades da Facultade.	Activa	M ^a Jesús Giráldez Fernández	Xullo 2019	
AM05	Plan de Melloras da Acreditación	Análise do estado do material docente e establecemento de criterios para a súa renovación.	Activa	Carlos García Resúa; M ^a Jesús Giráldez Fernández	Xullo 2019	
AM06	Plan de Melloras da Acreditación	Realizar un seguimento da taxa de abandono do título, adoptando as medidas necesarias en función dos resultados dese estudo.	Activa	M ^a Jesús Giráldez Fernández	Xullo 2019	
AM07	Informe de Seguimento	Elaboración dunha enquisa de satisfacción das prácticas tuteladas dirixida aos titores externos	Activa	M ^a Jesús Giráldez Fernández; Carlos García Resúa	Xullo 2019	
AM08	Informe de Seguimento	Elaboración e implantación do portafolio de práctica clínica nas materias que se imparten no Servizo de Optometría	Activa	M ^a Jesús Giráldez Fernández; Carlos García Resúa	Xullo 2019	
AM09	Informe de Seguimento	Implantar medidas para incrementar a participación do alumnado nas enquisas de satisfacción.	Activa	M ^a Jesús Giráldez Fernández; Carlos García Resúa	Xullo 2019	

<u>ACCIÓNS DE MELLORA</u>	
Código	AM-1 (Curso 2018-2019)
Orixe	Plan de Melloras da Acreditación
Ámbito de aplicación	Outros criterios
Análise causa	Realizouse un estudo e diagnose dos axustes necesarios na planificación docente da titulación e dos recursos humanos da área de Optometría óptimos para impartila.
Definición/ descrición proposta	Estudo e diagnose dos axustes necesarios na planificación docente da titulación e dos recursos humanos da área de Optometría óptimos para impartila.
Datas	Finalización: 31/07/2019; Inicio: 10/09/2018
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	M ^a Jesús Giráldez Fernández

 USC <small>UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA</small> FACULTADE DE ÓPTICA E OPTOMETRÍA	MEMORIA DE CALIDADE	Data: 14/05/2019
	FORMATO	Páxina 21 de 29

<u>ACCIÓN DE MELLORA</u>	
Código	AM-2 (Curso 2018-2019)
Orixe	Plan de Melloras da Acreditación
Ámbito de aplicación	Outros criterios
Análise causa	Detectouse nos informes de seguimento do grao e no proceso de renovación da acreditación, falta de información relativa á metodoloxía docente e aos sistemas de avaliación, tanto na memoria do grao extraíble da aplicación do Ministerio coma nas programacións docentes das materias.
Definición/ descrición proposta	Elaboración e implantación dun modelo de guía docente xeral para o grao e a súa particularización para cada materia e modificación da memoria vixente do título.
Datas	Finalización: 31/07/2019; Inicio: 10/09/2018
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	Carlos García Resúa; M ^a Jesús Giráldez Fernández

ACCIÓNS DE MELLORA

Código	AM-3 (Curso 2018-2019)
Orixe	Plan de Melloras da Acreditación
Ámbito de aplicación	Outros criterios
Análise causa	A adscrición á diferentes ramas de coñecemento e os diferentes aspectos organizativos deste título nos distintos países fai que sexa mais complexo fomentar a mobilidade do alumnado.
Definición/ descrición proposta	Promover o establecemento de convenios de mobilidade con universidades europeas e non europeas.
Datas	Finalización: 31/07/2019; Inicio: 10/09/2018
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	M ^a Jesús Giráldez Fernández; Carlos García Resúa

ACCIÓN DE MELLORA

Código	AM-4 (Curso 2018-2019)
Orixe	Plan de Melloras da Acreditación
Ámbito de aplicación	Outros criterios
Análise causa	Realizouse un esforzo por despreparar completamente o SGIC pero débese continuar revisándoo e simplificándoo para que sexa mais operativo.
Definición/ descrición proposta	Revisión do SGIC do centro, simplificación e adaptación ás particularidades da Facultade.
Datas	Finalización: 31/07/2019; Inicio: 10/09/2018
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	M ^a Jesús Giráldez Fernández

<u>ACCIÓNS DE MELLORA</u>	
Código	AM-5 (Curso 2018-2019)
Orixe	Plan de Melloras da Acreditación
Ámbito de aplicación	Outros criterios
Análise causa	Análise do estado do material docente e establecemento de criterios de priorización para a súa renovación.
Definición/ descrición proposta	Análise do estado do material docente e establecemento de criterios para a súa renovación.
Datas	Finalización: 31/07/2019; Inicio: 10/09/2018
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	Carlos García Resúa; M ^a Jesús Giráldez Fernández

ACCIÓNS DE MELLORA

Código	AM-6 (Curso 2018-2019)
Orixe	Plan de Melloras da Acreditación
Ámbito de aplicación	Outros criterios
Análise causa	Durante a visita constatouse que non se están analizando convenientemente a taxa de abandono do título.
Definición/ descrición proposta	Realizar un seguimento da taxa de abandono do título, adoptando as medidas necesarias en función dos resultados dese estudo.
Datas	Finalización: 31/07/2019; Inicio: 10/09/2018
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	M ^a Jesús Giráldez Fernández

ACCIÓN DE MELLORA

Código	AM-7 (Curso 2018-2019)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 6 - Resultados da aprendizaxe
Análise causa	No proceso de seguimento detectouse que non hai un feedback dos titores de prácticas externas
Definición/ descripción proposta	Elaboración dunha enquisa de satisfacción das prácticas tuteladas dirixida aos titores externos
Datas	Finalización: 31/07/2019; Inicio: 10/09/2018
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	M ^a Jesús Giráldez Fernández; Carlos García Resúa

ACCIÓNS DE MELLORA

Código	AM-8 (Curso 2018-2019)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 6 - Resultados da aprendizaxe
Análise causa	Para acreditarse ao Diploma Europeo é necesario rexistrar a experiencia clínica nun “portafolio” deseñado polo ECOO, no que se evidencia o número e tipo de pacientes vistos.
Definición/ descrición proposta	Elaboración e implantación do portafolio de práctica clínica nas materias que se imparten no Servicio de Optometría
Datas	Finalización: 31/07/2019; Inicio: 10/09/2018
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	M ^a Jesús Giráldez Fernández; Carlos García Resúa

<u>ACCIÓNS DE MELLORA</u>	
Código	AM-9 (Curso 2018-2019)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento.
Análise causa	Baixa participación do alumnado nas enquisas de satisfacción
Definición/ descrición proposta	Implantar medidas para incrementar a participación do alumnado nas enquisas de satisfacción.
Datas	Finalización: 31/07/2019; Inicio: 10/09/2018
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	M ^a Jesús Giráldez Fernández; Carlos García Resúa

 UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA FACULDADE DE ÓPTICA E OPTOMETRÍA	MEMORIA DE CALIDADE	Data: 14/05/2019
	FORMATO	Páxina 29 de 29

4• Anexo: Informe de seguimiento

<http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/opto/descargas/Calidade/Seguimento/Informe-Seguimento-Grao-Optica-e-Optometria-17-18.pdf>